



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/23-1
Entidade	CONFRARÍA DE MALPICA	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E DENDE EMBARCACIÓN	

Especies	PERCEBE (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De punta Nariga a Pedra do Sal, incluíndo Illas Sisargas, baixos de Baldaio e demais illas e illotes fronte á costa en tres millas.
Subzonas de explotación	Zona 1.- de punta Nariga a porto de Barizo Zona 2.- de porto de Barizo ata a Atalaia Zona 3.- de dique de abrigo do porto de Malpica a Pedra do Sal

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
26	23	41
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	1	2

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		170										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ : a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ : dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura (**)			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Habilitación enrolado e bordo/día
	En toda a autorización administrativa excepto nos meses nos que se traballe exclusivamente na zona 1, ou nesta xunto coa zona 2, e no Peito da Illa (época probable: de outubro a abril)		
Percebe	Tope neto: 6 kg Tope bruto: 7 kg	----	Tope neto: 6 kg Tope bruto: 7 kg
	Nos meses nos que se traballe exclusivamente na zona 1, ou nesta xunto coa zona 2, e no Peito da Illa (época probable: de maio a setembro)		
Percebe	Tope neto: 8 kg Tope bruto: 9,5 kg	----	Tope neto: 8 kg Tope bruto: 9,5 kg

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta
-------------------------	-------------------

Puntos de control (*)	Lancha de vixilancia, porto de Barizo e nave de redes do peirao sur do porto de Malpica
------------------------------	---

(*) Modificado por Resolución do 16 de xuño da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM 1

(**) Modificado por Resolución do 24 de agosto de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM



Puntos de venda Lonxa de Malpica

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: A autorización administrativa concedida á confraría de pescadores de Malpica no ano 1975 ten como límites de punta Nariga a Pedra do Sal, incluíndo Illas Sisargas, baixos de Baldaio e demais illas e illotes fronte á costa en tres millas.

Solicitan modificar os límites da autorización adaptándoos ao ámbito territorial da Confraría – incluíndo o tramo de costa entre punta Nariga e punta Queimada- solapándose coa autorización administrativa concedida no ano 1973 á confraría de Corme para a explotación de percebe entre punta Nariga e punta Balarés. Tendo en conta que o tramo de costa solicitado ven sendo explotado dende sempre polos percebeiros asociados á confraría de Corme, non se acepta a modificación do ámbito deste plan.

Subzonas de explotación: No plan de explotación presentado por esta confraría establécese a explotación deste recurso ao longo do ano mediante a rotación de zonas de extracción, dividindo a zona de costa en tres tramos. Nas Illas Sisargas seguirase a traballar do mesmo xeito que ata o de agora, rotando a zona de inverno e a zona de verano ou Peito da Illa. Bótase en falla a inclusión das “pedras cercadas” nas zonas de extracción establecidas e aclaración sobre se tamén serán traballados de xeito rotativo, ao mesmo tempo que o tramo de costa adxacente, ou permanecerían abertas todo o ano.

Recoméndase a inclusión das “pedras cercadas” na subzona que lle corresponda por proximidade e que se reflita claramente nas solicitudes de apertura mensuais.

(*) Modificado por Resolución do 16 de xuño da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM 2
(**) Modificado por Resolución do 24 de agosto de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM



Participantes: Na modalidade de a pé, rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría e o da ampliación aprobada para o ano en curso, o número de percebeiros autorizados para traballar neste plan é de 26. Débese excluír do listado anexo ao plan a _____, xubilada dende o pasado mes de febreiro, e incluír aos 6 novos percebeiros co permex en vigor dende este ano:

Respecto da modalidade de a flote, rematado o procedemento de ampliación de habilitacións aprobado para o ano en curso, o número de cotas autorizadas para o vindeiro ano é de 41.

Ampliación: Apróbase a solicitude desta confraría para que se volva a convocar o proceso de ampliación de 1 embarcación con 2 habilitacións, que quedou vacante neste ano 2010.

Días máximos de extracción: A incorporación nas vindeiras datas de 6 percebeiros de a pé e 3 tripulantes habilitados, xunto coa ampliación aprobada para 1 embarcación con 2 habilitacións, desaconsella acceder a un incremento do número de días de extracción respecto do plan en vigor, polo que se mantén en 170 días ao ano.

() Topes de captura:** As cotas máximas de captura quedan tal e como se reflite no cadro. A cota de captura solicitada, indicárase claramente na solicitude de apertura mensual co obxecto de que se dite a resolución correspondente.

(*) Puntos de control: Lancha de vixilancia, porto de Barizo e nave de redes do peirao sur do porto de Malpica. O punto de control do porto de Barizo só estará operativo nos meses nos que se traballe nesa zona, de maio a setembro. Os responsables do control son os vixilantes da confraría que anotarán o número de persoas que foron traballar e realizarán o control dos cupos.. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Horario: Neste plan recóllese que o horario de traballo será dende 2 horas antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, sempre que a baixamar sexa posterior ás 8'00 horas e anterior ás 16'30 h. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”* En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

(*) Modificado por Resolución do 16 de xuño da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM 3

(**) Modificado por Resolución do 24 de agosto de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM